

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN DO SEXTO ANDAR E ÚLTIMO NO EDIFICIO Nº2 DA RÚA DE LUGO (ARZÚA), E POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DA CUBERTA DO MESMO, INCLUÍNDO A PREVIA CONFECCIÓN DOS CORRESPONDENTES PROXECTOS TÉCNICOS

1. XUSTIFICACIÓN

O presente Prego de cláusulas administrativas particulares ten por obxecto establecer as bases que han de rexer na contratación conxunta para a elaboración do proxecto técnico e a execución das obras de demolición do sexto andar e último no edificio número 2 da rúa de Lugo (Arzúa), e a posterior construción da cuberta do mesmo e outros elementos reutilizables.

A execución das obras referidas veñen impostas por sentenza xudicial de 12 de novembro de 1997 ditada en apelación pola Sección Quinta da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, que confirmou a sentenza de data 29 de xullo de 1991 ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se ordenou a demolición do construído en exceso fóra da 1ª licenza outorgada (construción dun edificio de planta soto, semisoto, baixo e dúas plantas) respecto dese edificio. A Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza ditou auto de data 13 de xullo de 1999, no que se acordou a inexecución da sentenza no que concirne ás plantas cuarta e quinta sobre rasante do devandito edificio.

Así mesmo, por Sentencia de 23 de setembro de 2015 a Sección Quinta da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Supremo confirmouse a execución da sentenza ditada, e declarouse non haber lugar ao recurso de casación interposto en nome e representación do Concello de Arzúa contra o auto de 3 de decembro de 2014, ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desestimatorio do recurso de reposición interposto contra outro auto da propia Sala de 2 de outubro de 2014, respecto á execución de sentenza firme ditada.

Resulta necesaria a contratación conxunta da elaboración do proxecto e da execución da obra debido a motivos técnicos e de seguridade que fan necesarios neste suposto a vinculación do contratistas ao estudo das obras e ó proxecto que se efectúe.

2. OBXECTO E ALCANCE DOS TRABALLOS

Trátase dunha contratación conxunta de proxecto e obra en aplicación do disposto no artigo 124 do TRLCSP.

A obra está dentro das definidas no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), e clasificadas como obras de reforma ou gran reparación e de demolición incluídas nas relacionadas nos apartados a) e d) do artigo 122.1 do mesmo.

Encóntrase clasificado o contrato segundo a CPV (Vocabulario «Común de los Contratos Públicos) cos códigos 45110000 (traballos de demolición de inmobles e movemento de e terra) e 45200000 (traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil).

As obras a realizar encóntranse clasificadas no Grupo C, Subgrupos 1, 2, 4, 6, 7, 8 e 9, categoría 2, segundo o disposto nos artigos 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A orde xudicial obriga á demolición dunha sexta planta e última dunha edificación de carácter residencial colectivo, o que conleva a previa demolición dos elementos situados sobre ela, incluíndo a desmontaxe de cantos elementos serán obxecto de reutilización.

Logo da demolición, deberá levarse a cabo a reconstrución dos elementos que estaban sobre a planta demolida, ademais da recolocación de aqueles que foron desmontados en previsión da súa reutilización.

Será obxecto de licitación diferente a dirección da obra e a coordinación da seguridade e saúde.

O obxecto do contrato comprenderá a elaboración dun proxecto técnico conxunto de demolición e reconstrución (Básico e de Execución), redactado por técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente, para poder levar a cabo a contratación das obras necesarias.

Aos efectos da presentación da documentación para a adxudicación do contrato, será suficiente a redacción dun proxecto básico. Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o correspondente proxecto de execución nun prazo non superior aos dous meses.

O devandito proxecto técnico será aprobado pola Xunta do Goberno Local, previo o informe favorable dos servizos técnicos municipais, e contando tamén coas autorizacións preceptivas vinculantes como a que corresponde emitir á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Se durante a execución das obras resultase necesario, por motivos de seguridade ou por ocasionarse molestias graves para os ocupantes que poidan comprometer a habitabilidade dos inmobles, o órgano contratante, previa a emisión dos informes técnicos pertinentes, poderá ordenar ao contratista que adopte as medidas consistentes no desaloxo e/ou residencia provisional dos residentes na/s planta/s inferior/es ás demolidas, durante o tempo estritamente necesario.

O prezo do contrato incluirá unha partida cuxa aplicación, de maneira total ou parcial, quedará condicionada á necesidade de desaloxos, e que será equivalente ao valor máximo que poida alcanzar o aloxamento dos ocupantes de cada vivenda nun piso/apartamento de aluguer en Arzúa de similares características ás desaloxadas, ou nun centro turístico/hoteleiro, durante o tempo estritamente necesario para a realización das obras.

En todo caso, o alcance das obras a executar será o que se deriva das resolucións xudiciais recaídas, e que inclúe a totalidade das previsións contidas nos distintos documentos que comporarán os proxectos básico e do execución, a elaborar polo contratista, así como no resto de documentación que se presente, que deberá axustarse á normativa vixente.

3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO

O contrato a que se refire este prego é de natureza administrativa, de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do TRLCSP, e cualifícase como contrato mixto de obra e servizo, conforme ao disposto nos artigos 6.1 e 12 do TRLCSP, xa que se contrata conxuntamente a elaboración do proxecto e a execución das obras, en aplicación do disposto no artigo 124 da devandita norma.

O seu réxime xurídico será o previsto para o contrato de obra, por ser a prestación que constitúe o seu obxecto a mais importante desde o punto de vista económico.

As dúas partes quedan sometidas expresamente ao TRLCSP, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereitos administrativo, e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terán carácter contractual, sendo, polo tanto de obrigado cumprimento, nos termos que resultan dos artigos 208 e 209 do TRLCSP:

- o presente prego de cláusulas administrativas particulares e os documentos que o integran
- o prego de prescricións técnicas
- o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado, aprobado

por Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña ao disposto na lei ou no regulamento e disposicións citadas no parágrafo anterior.

- os proxectos, programas de traballos e outros documentos que se presenten na licitación

A presentación de ofertas implicará a manifestación expresa do licitador de que acepta o seu contido.

O órgano de contratación ostenta as prerrogativas na forma indicada nos artigos 210 e 211 do TRLCSP. Os acordos que adopte en exercicio de ditas prerrogativas porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

4. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación realizarase utilizando o procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación), en cumprimento do establecido nas disposicións do Capítulo I do Título I do Libro III e demais disposicións concordantes do TRLCSP.

5. DOCUMENTACIÓN A DISPOSICIÓN DOS LICITADORES

O órgano de contratación facilitará a seguinte documentación de carácter técnico aos licitadores:

- sentenza de data 29 de xullo de 1991 ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- sentenza xudicial de 12 de novembro de 1997 ditada en apelación pola Sección Quinta da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo
- auto de data 13 de xullo de 1999 ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza
- sentenza de 23 de setembro de 2015 ditada pola Sección Quinta da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Supremo
- auto de 3 de decembro de 2014, ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- auto da Sala de 2 de outubro de 2014 da Sección Segunda da Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares
- anteproxecto de demolición do 6º andar no edificio número 2 da rúa de Lugo (Arzúa), realizado por Isidro López Yáñez, arquitecto, e F. Javier Salorio Alvarez, arquitecto técnico, en febreiro de 2014.
- informe elaborado polo Departamento de Enxeñería da Construcción da Universidade Politécnica de Valencia, sobre as consecuencias obxectivas que a execución material da demolición parcial referida á totalidade da última planta do edificio poda repercutir ao resto do edificio, tanto desde o punto de vista estrutural como funcional; aportado ao Concello pola comunidade de propietarios do edificio obxecto de demolición, en data 7 de marzo de 2014 (RXE N° 673).

6. PREZO DO CONTRATO

O orzamento global que servirá de base para a contratación para a totalidade do contrato ascende a suma de **DOUSCENTOS OITENTA E TRES MIL TRINTA E TRES EUROS CON SESENTA E DOUS CENTIMOS (283.033,62-€), Imposto sobre o Valor Engadido incluído (IVE 21% 40.443,85-€).**

TIPO DE CONTRATO: MIXTO DE OBRA E SERVIZO			
OBXETO DO CONTRATO	PREZO (€)	I.V.E. (€)	TOTAL (€)
SERVIZO DE REDACIÓN DE PROXECTO	13.260,86	2.784,78	16.045,64
EXECUCIÓN DA OBRA	179.328,91	37.659,07	216.987,98
SUBTOTAL...	192.589,77	40.443,85	233.033,62
MÁXIMA POR POSIBLES DESALOXOS	50.000,00		50.000,00
TOTAL...	242.589,77	40.443,85	283.033,62

A aplicación, total ou parcial, da partida máxima fixada para posibles desaloxos, quedará condicionada á existencia ou non dos mesmos, segundo o indicado no apartado 2 deste prego.

O prezo efectivo de cada un dos posibles desaloxos, de terse que realizar, establecerase en función das características, estado actual das vivendas e do número de ocupantes de cada unha, cun máximo de 500 euros/mes por vivenda desaloxada e de 50.000 euros en total.

A contía establecida como prezo do contrato representa o gasto máximo a realizar pola administración, quedando limitado o gasto real ao que resulte da adxudicación da proposición máis vantaxosa e da necesidade ou non de terse que efectuar desaloxos de inmobles.

No prezo do contrato inclúense tódolos gastos e cargas derivados do contrato, incluídos toda clase de tributos e exaccións fiscais e parafiscais que se devenguen ou causen con motivo do mesmo.

Na contratación dos traballos entenderase que os licitadores, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación 151.22799 nomeada "Urbanismo. Outros traballos por empresas".

A iniciación do expediente e a reserva de crédito correspondente fixan o importe estimado máximo que o futuro contrato pode alcanzar. Non obstante, non se procederá á fiscalización do gasto, a súa aprobación, así como á adquisición do compromiso xerado polo mesmo, ata que se coñeza o importe e as condicións do contrato de acordo coa proposición seleccionada.

Os prezos de contratación, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderán ser obxecto de revisión.

7. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

7.1.- O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante.

7.2.- Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: www.concellodearzu.org

8. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Os períodos de execución dos traballos virán fixados como máximo polos seguintes prazos:

1.- Prestación de servizo de redacción de proxecto:

O prazo para a redacción do proxecto técnico de execución será de **dous meses** dende a formalización do contrato.

Neste período deberanse xestionalos diversos permisos ante as compañías subministradoras, organismos públicos e/ou privados.

2.- Execución da obra:

O prazo para executar as obras de demolición da sexta e última altura do edificio e da súa cuberta, así como para a reconstrución da cuberta de do resto de elementos reutilizables deberá ter lugar de maneira continua sen interrupción algunha.

Este prazo será de **seis meses** contados dende a data da aprobación do proxecto técnico de execución, ou dende a data en que se produza o desaloxo efectivo dos veciños dos andares afectados pola demolición, se esta data é posterior. En este caso estenderase unha dilixencia acreditativa da data en que se produciu ese desaloxo, para constancia no expediente administrativo. A administración contratante iniciará, de ser necesario, o correspondente procedemento xudicial para o desaloxo dos inmobles afectados.

De conformidade co establecido no artigo 121.2 do TRLCSP, a execución da obra quedará condicionada á supervisión, aprobación e replanteo do proxecto polo órgano de contratación.

O adxudicatario deberá presentar o programa dos traballos a executar, detallando e describindo as actividades a realizar en cada momento.

O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

9. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación é a Xunta do Goberno Local do Concello de Arzúa, en virtude de Decreto de delegación de competencias de 8 de xullo de 2015, na súa calidade de poder adxudicador de conformidade co artigo 3.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e que asume a condición de promotor da obra.

Tendo en conta o disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, a Mesa de Contratación estará composta por:

- Presidente: O alcalde José Luis García López
- Vogais: A interventora do Concello, Olga Castro Fernández
O Secretario do Concello, Juan Colmenares Lopez-Soldado
A Concelleira de Facenda, M^a del Carmen Torreiro González
O arquitecto técnico municipal, Luis Fole Barrio
- Secretaria: A técnica de administración xeral do Concello, Marta Pérez Iglesias

10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula

seguinte).

Se o concello de Arzúa tivese coñecemento de que o adxudicatario non reúne as condicións esixidas con posterioridade á celebración do contrato, poderá resolvelo deixándoo sen efecto, con dereito a esixir do mesmo o resarcimento dos danos e prexuízos que puidera causar.

11. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

A presentación de proposicións supón para o licitador a aceptación incondicionada de tódalas cláusulas deste prego. As proposicións, que terán carácter secreto ata o momento da licitación pública, axustaranse na súa forma e contido ao disposto neste prego e as previsións contidas no TRLCSP.

Os documentos que se incorporen ás proposicións haberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

11.1.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN- As proposicións para tomar parte neste procedemento presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no último dos boletíns onde apareza (DOGA ou BOP), en horario de nove a catorce horas.

No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

Neste prazo enténdese incluído tamén o período de tempo que se estima como necesario para que os empresarios interesados poidan realizalas comprobacións e medicións internas e/ou externas do edificio obxecto de demolición, que resulten precisas para poder confeccionar o proxecto técnico.

11.2.- CONTIDO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS- As propostas deberán presentarse en tres sobres pechados, e estarán asinados polo licitador ou o representante legal, con indicación, no seu exterior, dos seguintes extremos:

- Título da obra
- Licitador: nome e CIF
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo electrónico
- Data e sinatura
- Subtítulo ou denominación de cada un deles segundo se indica:
 - Sobre A: “Documentación”
 - Sobre B: “Documentación avaliable mediante xuízos de valor”
 - Sobre C: “Documentación avaliable automaticamente mediante a aplicación de fórmulas”

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición.

11.2.1. Sobre A, subtulado “Documentación”

Neste sobre incluírase a documentación de carácter xeral, sen ningunha referencia aos aspectos económicos ou técnicos da oferta.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Os licitadores deberán acreditar a súa aptitude, capacidade e a solvencia que se esixe coa documentación que se indica a continuación.

Por tratarse dun contrato cuxo valor estimado é inferior a 1.000.000 de euros (artigo 146.4 TRLCSP), os licitadores poderán optar por presentar no sobre A a documentación que se indica no apartado 11.2.1.1 (documentación completa) ou unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar, segundo o indicado no apartado 11.2.1.2 (documentación simplificada). En caso de optar pola presentación da documentación simplificada, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez da documentación completa esixida.

11.2.1.1.- Documentación completa

- a) Empresario individual: copia compulsada do D.N.I, pasaporte ou documento que o substitúa.
- b) No suposto de tratarse dunha persoa xurídica: copia compulsada da escritura de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional inscritos no correspondente rexistro público, así como copia compulsada do N.I.F.
- c) Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica, deberá xuntarse copia compulsada do D.N.I. da persoa que actúe como representante legal e poder notarial suficiente para a representación, bastantado previamente polo Secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

O poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Xunto coa dilixencia de bastanteo deberá de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

- d) Empresas comunitarias: a capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente con arranxo á lexislación do Estado en que estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- e) Empresas non comunitarias: deberán xustificar mediante informe da Misión Diplomática Permanente española, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración e cos entes ou entidades do sector público, en forma substancialmente análoga.

Será necesario ademais, que contén con sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e estean inscritas no Rexistro Mercantil, o cal deberán xustificar documentalmente.

- f) As empresas non españolas comunitarias ou non comunitarias deberán presentar declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

- g) As empresas estranxeiras presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán ou galego.
- h) Unións Temporais de Empresas: No suposto de tratarse de UTE, indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 TRLCSP e co previsto neste prego.
- i) Declaración expresa de non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas nos artigos 60 e 146 do TRLCSP segundo o seguinte modelo:

D/Dna.....con DNI.....
 teléfono..... e domicilio en.....provincia
 de.....rúa.....
 nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
 empresa.....
 á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra
 - Título:.....

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP.

Así mesmo declara que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e rúbrica do proponente)

Respecto dos licitadores que se atopen inscritos no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, terase en conta o seguinte:

- O licitador poderá presentar a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estará dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.
- O licitador que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, poderá acompañar unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

Nestes casos, o licitador presentará unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

- j) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións.
- k) Solvencia. A admisión á licitación requirirá a previa acreditación da solvencia económica, financeira e técnica, incluída á relativa á xestión medioambiental.

Porén, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo e subgrupo correspondente (Grupo C, Subgrupos 1, 2, 4, 6, 7, 8 e 9, categoría 2), ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos esixidos no prego.

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica e, en consecuencia, non se establece excepción de presentación desta por razón da contía (art. 11.5 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas).

A.- solvencia técnica ou profesional:

Será requisito mínimo de solvencia técnica ou profesional a experiencia na realización de obras do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, que se acreditará mediante a relación das obras efectuadas polo interesado no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras mais importantes, que conterán os requisitos esixidos no artigo 76.1.^a) do TRLCSP.

Dita relación deberá presentarse segundo o cadro modelo que se reflexa a continuación:

Relación das obras executadas no curso dos últimos dez anos (10)			
DENOMINACIÓN E OBXECTO CONCRETO	IMPORTE	DATA DE FINALIZACIÓN DA EXECUCIÓN (DÍA/MES/ANO)	DESTINATARIO

O citado período de 10 anos abranguerá:

- Respecto do ano 2006, dende o día equivalente ao seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/12.
- Os anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 completos.
- E o período transcorrido do ano 2016 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Reputarase solvente o licitador que acredite un importe anual acumulado, durante o ano de maior execución do citado período (10 anos), igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

Aos efectos de determinar a correspondencia entre os servizos ou traballos executados e os que constitúen o obxecto do contrato, atenderase a que pertencen ao mesmo subgrupo de clasificación (cando o contrato estea encadrado en algún dos subgrupos establecidos no Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas); ou ben, a que os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos sexan iguais (cando o contrato non estea encadrado en algún dos subgrupos establecidos no Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas).

B.- solvencia económica e financeira:

O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser ao menos unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

1) Requisitos específicos de admisión:

- Incorporarase o compromiso de levantar actas notariais antes do comezo da obra e unha vez executado o contrato, do estado de conservación e características da totalidade do inmovible afectado e das edificacións lindadeiras, nos termos indicados no prego.

- Incorporarase así mesmo o compromiso de concertar a póliza de seguro de responsabilidade civil nos termos previstos no prego antes da formalización do contrato, sen ningunha referencia ás melloras que con respecto ao mesmo se propoñan no sobre C, "Documentación avaliábel automaticamente mediante a aplicación de fórmulas".

- Os licitadores deberán presentar compromiso de adscrición de medios persoais e materiais mínimos e suficientes que se adscribirán á execución do contrato:

- Medios persoais adscritos: Será necesario en todo caso que se adscriba á obra:

- Un técnico con titulación académica de Arquitecto Superior, especialidade en edificación, para o persoal proxectista, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos de proxección.

- Un técnico coordinador de seguridade e saúde para a redacción do Estudio e Plan de Seguridade e Saúde, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos.

- Un técnico con titulación de grao superior ou medio, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, para exercelas funcións de xefe de obra, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos de demolición. Será necesaria a súa presenza permanente durante a execución das obras para asegurar unha execución satisfactoria.

- Nos supostos de empresarios estranxeiros, se o persoal non falase algunha das linguas oficiais na comunidade autónoma, castelán ou galego, 1 traductor que serva de interlocutor coa administración contratante.

- Medios técnicos adscritos: declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispón para a execución dos traballos.

O incumprimento destes compromisos considerarase incumprimento de deber esencial para os efectos previstos no artigo 223 g) TRLCSP.

A información que incorporen os licitadores para xustificar o cumprimento dos requisitos específicos de admisión axustarase integramente ao seguinte modelo de declaración:

D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....
nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

Declara que se compromete a:

- Levantar actas notariais antes do comezo da obra e unha vez executado o contrato, do estado de conservación e características da totalidade do inmovible afectado e das edificacións lindieras, nos termos indicados no prego.
- Concertar a póliza de seguro de responsabilidade civil nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares antes da formalización do contrato.
- Adscribir á obra de referencia os medios persoais e materiais esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares e a presentar no prazo de dez días a documentación xustificativa diso no suposto de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

- m) Xustificación do cumprimento das normas de xestión mediambiental. O licitador deberá xustificar ter establecido un sistema de xestión ambiental en desenvolvemento do Regulamento (CE) N° 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), ou outra norma equivalente ou xustificar, mediante calquera outro medio adecuado, que se cumpren os requisitos de xestión ambiental establecidos no sistema antes citado; ou dispor da Norma Internacional EN ISO 14001 ou outra norma equivalente ou xustificar, mediante outro medio adecuado, que se cumpren os requisitos de xestión ambiental establecidos no sistema indicado.
- n) Porcentaxe de subcontratación: porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima do 40% do prezo de adxudicación do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:..... % * e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e sinatura do proponente)

***indicar só o % , non o importe**

ñ) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación. Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dna.....con DNI.....

teléfono..... e domicilio en.....provincia

de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

AUTORIZA á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación

o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

o) Autorización para recabar datos de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Arzúa. Axustarase ao seguinte modelo:

*D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....
nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

Título:.....

***AUTORIZA** ao Concello de Arzúa a obter da base de datos de xestión tributaria e de recadación da deputación provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito concello.*

(Lugar, data e sinatura do proponente)

11.2.1.2.- Documentación simplificada

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP os licitadores poderán xuntar nesta fase só a seguinte documentación, consistente nunha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar, sen prexuízo de presentar a documentación completa antes da adxudicación do contrato.

a) Declaración responsable

Axustarase ao seguinte modelo:

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

*D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....
nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

Título:.....

Declara:

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 11.2.1.1 desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

b) Requisitos específicos de admisión:

- Incorporarase o compromiso de levantar actas notariais antes do comezo da obra e unha vez executado o contrato, do estado de conservación e características da totalidade do inmueble afectado e das edificacións lindadeiras, nos termos indicados no prego.
- Incorporarase así mesmo o compromiso de concertar a póliza de seguro de responsabilidade civil nos termos previstos no prego antes da formalización do contrato, sen ningunha referencia ás melloras que con respecto ao mesmo se propoñan no sobre C, "Documentación avaliabile automaticamente mediante a aplicación de fórmulas".
- Os licitadores deberán presentar compromiso de adscrición de medios persoais e materiais mínimos e suficientes que se adscribirán á execución do contrato.

- Medios persoais adscritos. Será necesario en todo caso que se adscriba á obra:

- Un técnico con titulación académica de Arquitecto Superior, especialidade en edificación, para o persoal proxectista, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos de proxección.

- Un técnico coordinador de seguridade e saúde para a redacción do Estudio e Plan de Seguridade e Saúde, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos.

- Un técnico con titulación de grao superior ou medio, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, para exercelas funcións de xefe de obra, con experiencia profesional mínima de 10 anos en traballos análogos de demolición. Será necesaria a súa presenza permanente durante a execución das obras para asegurar unha execución satisfactoria.

- Nos supostos de empresarios estranxeiros, se o persoal non falase algunha das linguas oficias na comunidade autónoma, castelán ou galego, 1 traductor que sirva de interlocutor coa administración contratante.

- Medios técnicos adscritos: declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispón para a execución dos traballos.

O incumprimento destes compromisos consideraranse incumprimento de deber esencial para os efectos previstos no artigo 223 g) TRLCSP.

A información que se incorporen os licitadores para xustificar o cumprimento dos requisitos específicos de admisión axustarase integramente ao seguinte modelo de declaración:

D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....
nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da

empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

Declara que se compromete a:

- Levantar actas notariais antes do comezo da obra e unha vez executado o contrato, do estado de conservación e características da totalidade do inmovible afectado e das edificacións lindeiras, nos termos indicados no prego.
 - Concertar a póliza de seguro de responsabilidade civil nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares antes da formalización do contrato.
 - Adscribir á obra de referencia os medios persoais e materiais esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares e a presentar no prazo de dez días a documentación xustificativa diso no suposto de que a oferta sexa a máis vantaxosa.
- (Lugar, data e sinatura do proponente)

c) Porcentaxe de subcontratación

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima do 40% do prezo de adxudicación do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D/Dna..... con DNI.....

teléfono..... e domicilio en.....provincia

de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da

empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o

seguinte:..... % * e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*

TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e sinatura do proponente)

- d) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación. Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dna.....con DNI.....

teléfono..... e domicilio en.....provincia

de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

AUTORIZA á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

- e) Autorización para recabar datos de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Arzúa. Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dna.....con DNI.....

teléfono..... e domicilio en.....provincia

de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

AUTORIZA ao Concello de Arzúa a obter da base de datos de xestión tributaria e de recadación da deputación provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito concello.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

11.2.2. Sobre B, subtulado “Documentación avaliable mediante xuízos de valor”

Incluirá exclusivamente documentación de carácter técnico, sen ningunha referencia aos criterios avaliables automaticamente mediante aplicación de fórmulas. De indicarse algunha referencia á oferta económica e outros criterios de valoración automática, o licitador quedará excluído da presente licitación.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

- Proxecto básico

Para a valoración deste apartado acompañarase o proxecto básico describindo as obras a executar, coa descrición do estado de conservación do ben, así como os obxectivos e aspectos a solucionar que se explicitan neste prego e no de prescricións técnicas.

Incorporarase como parte integrante do proxecto básico declaración asinada polo licitador acreditativa de terse realizada visita previa á presentación das ofertas ó inmovible obxecto de demolición, e ter coñecemento concreto da súa ubicación, o seu estado e características, usos e condicións da contorna.

Incluirase tamén a descrición das diferentes actividades e os seus prazos de execución, con cronograma expresivo da organización prevista.

- Medios persoais adscritos

O licitador detallará a cualificación e experiencia do equipo técnico adscrito tanto á redacción do proxecto como á execución da obra, con indicación dos títulos académicos dos que se dispoña e a relación de obras similares que proxectaran, dirixiran ou executaran.

En todo caso, conterá a documentación relativa que considere necesaria para ser tida en conta para aplicar os criterios de adxudicación non avaliables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, así como calquera outro documento que a estes efectos se especifique no prego de prescricións técnicas, no seu caso.

11.2.3 Sobre C, subtulado “Documentación avaliable automaticamente mediante a aplicación de fórmulas”

Conterá os seguintes extremos:

a) Oferta económica conforme ó seguinte modelo de proposición:

D/Dna.....con DNI.....
teléfono..... e domicilio en.....provincia
de.....rúa.....
nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da
empresa.....

Toma parte no concurso con procedemento aberto para a adxudicación das obras de demolición da sexta e última altura da edificación sita na rúa de Lugo (fronte á Praza de España) e a reconstrución da súa cuberta, incluíndo no obxecto do contrato a previa confección e presentación no concello de Arzúa o correspondente proxecto técnico.

*E a estes efectos **FAI CONSTAR:***

1) Que ofrece o seguinte prezo:

CONCEPTOS	OFERTA ECONÓMICA	IVE (.....%)	EUROS
prezo do custe da obra			euros
redacción de proxectos, documentación			euros
prezo máximo de desaloxos			euros
TOTAL PREZO OFERTADO SEN IVE			euros
TOTAL PREZO OFERTADO (IVE INCLUÍDO)			EUROS

- 2) *Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do presente prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas.*
- 3) *Que achega a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4) *Que o prezo proposto inclúe a realización completa dos traballos previstos (proxecto técnico e execución das obras) e dos posibles desaloxos que puideran realizarse, ademais de tódolos gastos e cargas derivados do contrato, incluídos seguros e toda clase de tributos e exaccións fiscais e parafiscais que se devenguen ou causen con motivo do mesmo.*

En, ade.....de 2016

O Licitador

(Asinado e rubricado)

- b) Melloras propostas respecto do importe mínimo do límite xeral de 3.000.000 euros a que debe ascender o seguro previsto no apartado 18 deste prego, na súa modalidade de responsabilidade civil extracontractual. Incorporarase a estes efectos compromiso de subscribir con anterioridade á formalización do contrato a póliza de seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 18 deste prego, especificándose a contía ou importe que se prevé asegurar por este concepto.

Axustarase ao seguinte modelo de declaración:

D/Dna.....con DNI.....

teléfono..... e domicilio en.....provincia

de.....rúa.....

nº.....piso.....código postal.....en nome propio ou en representación da

empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

Título:.....

Declara que se compromete a:

- Concertar a póliza de seguro de responsabilidade civil extracontractual nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares antes da formalización do contrato, cun límite xeral deeuros e un sublímite xeral por vítima en patronal e cruzada non inferior a 300.000 euros.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

12. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E VALORACIÓN DAS OFERTAS

Polo que respecta á calificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e apertura de sobres de referencias técnicas e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 160 do TRLCSP e 81 do RXLCAP. A estes efectos a Mesa de contratación examinará a documentación administrativa (**Sobre A**) correspondente aos licitadores e comunicarlles os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar. A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinalas empresas que se axustan aos criterios de selección cun pronunciamento expreso sobre as admitidas á licitación e as rexeitadas, indicando neste caso as causas do seu rexeitamento.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas:

- 1ª Fase.- Valoración dos criterios non avaliábles mediante fórmulas do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliábles de forma automática)

Unha vez feito o trámite previsto no apartado anterior, a Mesa procederá, ao abeiro do establecido no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa, en acto público no lugar, data e hora que se comunicarán mediante a súa publicación no perfil do contratante, á apertura dos **Sobres B** de documentación avaliáble mediante xuízos de valor.

O órgano encargado avaliará as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación indicados no apartado 13 deste prego.

Ao abeiro do establecido no artigo 150 do TRLCSP e 25 e seguintes do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá a un comité constituído por tres membros expertos non integrados no órgano proponente do contrato e con cualificación apropiada, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas conforme a estes criterios.

A súa composición será determinada polo órgano competente entre técnicos especialistas en estruturas, debendo de posuír dous deles o título de arquitecto, e un o de enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos; e será publicada no perfil do contratante con carácter previo á apertura da documentación contida nos Sobres B.

O informe motivado de avaliación das ofertas que deba realizarse polo comité de expertos deberá realizarse nun prazo non superior a vinte días dende a apertura dos sobres B.

- 2ª Fase.- Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábles de forma automática

Unha vez emitido o correspondente informe polo Comité de Expertos para os efectos previstos na

segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do **Sobre C** “Documentación avaliable automaticamente mediante a aplicación de fórmulas”. Celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios da Corporación e no perfil de contratante.

O presidente manifestará a valoración que resulte das ofertas segundo o informe emitido polo Comité de Expertos, no relativo aos criterios ponderables en función de xuízos de valor.

As empresas que non superen a puntuación mínima de **40 puntos** na suma da puntuación correspondente aos criterios ponderables en función de xuízos de valor non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas.

Lerase en voz alta o importe das proposicións económicas e darase a coñecer o contido dos demais criterios avaliables de forma automática de aquelas proposicións que continúen no proceso selectivo.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, podendo solicitar a tales efectos cantos informes considere precisos.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación o acta que incluírá a correspondente proposta de adxudicación na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada una de elas por aplicación dos criterios indicados na cláusula 12, identificando a oferta economicamente mais vantaxosa.

13. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

As ofertas valoraranse atendendo a criterios obxectivos segundo o disposto no artigo 150 do TRLCSP. Os criterios para a valoración e adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS, DEPENDENTES DUN XUIZO DE VALOR.....ata 80 PUNTOS

- Valoración do proxecto básico..... 0-30 puntos

Teranse en conta os seguintes aspectos técnicos:

- as medidas de seguridade activas, pasivas e con respecto aos ocupantes do inmovible que se implanten0-10 puntos

- propostas de demolición. Tecnoloxía a empregar.0-10 puntos

- execución da cuberta, rochos e outros elementos reutilizables; técnicas e materiais; medidas de calidade da nova obra executada.0-5 puntos

- medidas de control medioambiental e medidas de integración na contorna durante a execución das obras.0-5 puntos

- Medidas de seguridade extraordinarias a adoptar.....0-20 puntos

- propostas de mellora estrutural para a edificación resultante..... 0-5 puntos

- medidas de seguridade sobre as edificacións do contorno..... 0-5 puntos

- medidas extraordinarias de regulación de tráfico rodado e de peóns non contempladas no apartado anterior..... 0-5 puntos
- outras medidas non contempladas nos apartados anteriores..... 0-5 puntos
- **Grao de coñecemento, experiencia profesional e idoneidade dos medios humanos adscritos para o desenvolvemento dos traballos.....0-30 puntos**
 - cohesión do equipo técnico e grao de integración coa empresa licitadora..... 0-15 puntos
 - complexidade dos proxectos levados a cabo polo equipo técnico.....0-15 puntos

FASE II: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS..... ata 20 PUNTOS

- **Oferta económica.....0-10 puntos**

A proposición económica valorarase linealmente de forma proporcional ás baixas que representen as ofertas dos licitadores con respecto do prezo do contrato. Desta forma, outorgarase a máxima puntuación (10 puntos) á proposición que represente a maior baixa económica e unha puntuación de 0 á oferta que sexa igual ao orzamento de execución do contrato, debendo puntuarse o resto de propostas de maneira directamente proporcional.

- **Mellora do importe da póliza de seguro na súa modalidade de responsabilidade civil extracontractual esixida na cláusula 18 deste prego, co obxecto de cubrilos danos materiais e/ou corporais e os prexuízos económicos ocasionados a terceiros, con respecto ó límite xeral mínimo fixado de 3.000.000 €.....0-10 puntos**

A mellora do importe do seguro de responsabilidade civil que se subscriba valorarase linealmente de forma proporcional ás melloras que representen as ofertas dos licitadores con respecto da cantidade límite xeral de 3.000.000 € prevista no prego, e outorgarase a máxima puntuación (10 puntos) á proposición que represente o maior incremento económico na totalidade do capital asegurado, ata un máximo de 6.500.000 €, e unha puntuación de 0 á oferta que sexa igual ó valor previsto no prego, debendo puntuarse o resto de propostas de maneira directamente proporcional. En todo caso, deberase respectar o sublímite xeral por vítima de 300.000 €.

14. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

14.1.- Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto ao efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propondrá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

14.2.- Consideraranse, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas relativas ó prezo do contrato que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%.
- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo,

excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

14.3.- No referente ás melloras do importe da póliza de seguro na súa modalidade de responsabilidade civil extracontractual, consideraranse que por enriba do valor máximo de 6.500.000 € a oferta incorre en valor desproporcionado ou anormal.

14.4.- Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

14.4.1.- Oferta relativa ao prezo do contrato

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

14.4.2.- Oferta relativa ao importe da póliza de seguro na súa modalidade de responsabilidade civil extracontractual

- Xustificación dos importes asegurados ofertados

14.5.- Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentarase en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica), dentro do prazo concedido ao efecto:

1. Xustificación dos prezos ofertados:

Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos
- B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

- Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución

2. Xustificación dos importes asegurados ofertados:

- Carta de compromiso da aseguradora
- Prezos e coberturas detalladas

15. RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Correspóndelle ao órgano de contratación a facultade de renunciar á celebración do contrato que xa estivera convocado ou de decidir reiniciar un procedemento para a súa adxudicación.

A renuncia á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente ou o desistimento do procedemento acordarase, se fose o caso, con anterioridade á adxudicación, de acordo co disposto no artigo 155 TRLCSP.

16. GARANTÍAS

De acordo co artigo 95 do TRLCSP, o licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa deberá prestar as seguintes garantías:

- Garantía definitiva: por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Garantía complementaria: equivalente ao 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía complementaria constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez se formalice a acta de recepción.

As garantías poderán constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o adxudicatario proposto, antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

17. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non se declararan desproporcionadas ou anormais.

A adxudicación realizarase pola Xunta do Goberno Local, como órgano de contratación, a cal adoptará acordo motivado adxudicando o contrato a favor da proposición mais vantaxosa proposta pola Mesa de Contratación.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando, en todo caso, a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.
- b) Os documentos acreditativos da constitución das garantías definitiva e complementaria previstas na cláusula 16 deste prego.
- c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

Copia compulsada dos títulos académicos e profesionais ou certificación do colexio profesional correspondente, especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs.

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios

(que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- Por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

d) cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; e no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

e) cando os licitadores tivesen concorrido en Unión Temporal de Empresas, a correspondente escritura de constitución.

f) calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 que lle reclame o órgano de contratación.

g) No suposto de que os licitadores para xustificar os requisitos esixidos de solvencia, de conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, optasen por presentar no sobre A os modelos de declaración responsable que se especifican na cláusula 11.2.1.2 deste prego (Documentación simplificada), deberán xuntar antes da adxudicación do contrato, a documentación completa relacionada na cláusula 11.2.1.1, agás a xa presentada na fase de presentación de proposicións.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 da TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 da TRLCSP.

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, ao que deberá incorporarse un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e outro exemplar do prego de prescricións técnicas, asinados ambos polo representante legal da empresa adxudicataria, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os

gastos que se ocasionen.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinala a administración.

Para proceder á formalización será necesario a presentación da seguinte documentación:

a) Xustificantes de terse aboados os gastos derivados da publicación dos anuncios da licitación de conformidade co sinalado neste prego.

b) Xustificante da subscrición da póliza de seguro coas condicións especificadas neste apartado e coas melloras que se comprometan na proposta de licitación.

O adxudicatario deberá subscribir un seguro na modalidade "**todo risco construción**" e contratado especialmente para obra adxudicada.

Ademais do adxudicatario deberán estar amparados baixo as garantías da póliza os subcontratistas que puidesen actuar na obra.

Figurará como beneficiario o concello de Arzúa.

As garantías e cantidades aseguradas cubrirán o importe de adxudicación do contrato.

Os riscos cubertos por este seguro incluirán o **seguro de bens** e o **seguro de responsabilidade civil extracontractual**.

b.1) O **seguro de bens** cubrirá a indemnización por danos e perdas materiais producidos a:

1.- traballos de obra civil e instalacións (custo de material e de man de obra) realizados e en curso de realización, incluídos aprovisionamentos.

2.- equipos de construción

3.- maquinaria de construción

4.- efectos persoais de empregados e traballadores

5.- outras propiedades do seguro

6.- gastos de desentulleamento

7.- gastos polas medidas necesarias adoptadas para reducir ou extinguir o sinistro

b.2) O **seguro de Responsabilidade Civil Extracontractual** cubrirá os danos materiais e/ou corporais e os prexuízos económicos ocasionados a terceiros, que se deriven das obras de demolición e/ou reconstrución obxecto do contrato, onde figuren como asegurados o Concello de Arzúa, contratistas, subcontratistas e demais intervintes na obra.

1.- A título enunciativo, pero non limitativo, debe ser obxecto de cobertura e responsabilidade civil xeral da actividade obxecto deste contrato, responsabilidade patronal, preexistentes, post-traballos, cruzada, subsidiaria, subsidiaria, defensa e fianzas, etc.

2.- O límite xeral non será inferior a **3.000.000- euros**, cun sublímite xeral por vítima en patronal e cruzada non inferior a **300.000- euros**.

3.- Deberá acreditarse a vixencia deste contrato de seguro mediante a prestación da póliza ou no seu defecto, dun certificado acreditativo emitido pola Compañía Aseguradora. O seguro deberá estar vixente durante toda a duración da obra.

Admitiranse as exclusións de riscos e franquicias normalmente aceptadas polos usos mercantís neste tipo de seguros.

19. RESPONSABLE DO CONTRATO

En virtude lo disposto no artigo 52 do TRLCSP, o órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptalas decisións e ditalas instrucións necesarias co fin de asegurala correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que se lle atribúan.

As facultades do responsable do contrato entenderanse sen prexuízo das que corresponden á dirección facultativa conforme ó disposto na lexislación vixente.

O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea ao órgano contratante.

20. VERIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS DO PROXECTO

Antes de dar comezo ás obras, o construtor manifestará que toda a documentación aportada e posta a súa disposición lle resulta suficiente para a comprensión da totalidade dos traballos a executar, ou en caso contrario, solicitará por escrito as aclaracións pertinentes.

21. EXECUCIÓN DO CONTRATO: DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

21.1.- DEREITOS E OBRIGAS DERIVADAS DA PRESTACIÓN DE REDACCIÓN DO PROXECTO

- Elaboración do proxecto

A redacción do proxecto elaborárase segundo as prescricións establecidas neste prego e no de cláusulas técnicas, axustándose á normativa vixente.

- Supervisión do proxecto

A entidade de control de calidade da edificación supervisar e revisará os traballos de redacción de proxecto.

- Réxime de pagos

O contratista, ademais doutros que lle confira a normativa vixente ou as restantes cláusulas deste Prego, ostenta fronte á Administración contratante o dereito ao abono dos servizos realmente executados con arranxo ás cláusulas do Prego e ao prezo convidado e demais documentos contractuais.

Para os efectos do pago, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo e nos termos establecidos no artigo 216 do TRLCSP, coas consideracións que recolle a disposición adicional trixésimo terceira e a transitoria sexta do mesmo.

A factura expedirase e tramitaranse unha vez que a entidade de control de calidade da edificación emita informe favorable respecto da adecuación e corrección legal e técnica do proxecto, e se recepcione a prestación polo órgano contratante.

21.2.- DEREITOS E OBRIGAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DE OBRA

- Comezo das obras

O contratista deberá iniciar as obras dentro do prazo máximo de 15 días seguintes á aprobación municipal do proxecto de execución.

No suposto de ter que adoptarse medidas para o desaloxo forzoso dos inmobles obxecto de

demolición, suspenderase este prazo ata que resulte posible a ocupación efectiva dos mesmos.

- **Carteis e sinais**

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta un cartel coas principais características da obra, os sinais indicativos de accesos, circulación na zona que ocupan os traballos e nas súas inmediacións, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

Unha vez rematadas as obras o contratista deberá retirar o cartel de obra pola súa conta.

- **Fotografías**

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital con firma electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá ser utilizada pola administración libremente e sen limitación temporal.

- **Réxime de pagos**

O contratista terá dereito ao aboamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado e as súas modificacións, se as houbese, previa a súa comprobación polo órgano contratante da obra executada.

Para os efectos do pago, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo e nos termos establecidos no artigo 216 do TRLCSP, coas consideracións que recolle a disposición adicional trixésimo terceira e a transitoria sexta do mesmo.

Medicións.- A dirección facultativa realizará a medición das unidades de obra executadas durante o período establecido.

Os servizos técnicos municipais poderá presenciar a realización de tales **medicións**.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección facultativa e á entidade de control da edificación, coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

Relacións valoradas.- A Dirección Facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará a correspondente relación valorada á orixe, que deberá someterse á revisión e informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse pola Dirección Facultativa.

Expediranse certificacións mensuais, previa a medición das unidades de obra executada pola dirección facultativa revisadas favorablemente polos servizos técnicos municipais.

21.3.- OUTROS DEREITOS E OBRIGAS

- Levantamento de actas notariais

Unha vez formalizado o contrato o adxudicatario presentará ante o Concello actas notarias relativas ao estado edificio e de cada unha das vivendas ou locais do mesmo, para o cal será necesario ó acceso ó interior destes.

Presentaranse así mesmo actas notariais do estado dos edificios lindeiros, sen necesidade neste caso de acceder ó interior de cada vivenda ou local.

Serán de conta do contratista os gastos que se deriven.

A presentación destas actas notariais realizarase nun prazo máximo de 15 días dende a formalización do contrato.

No suposto de que o adxudicatario non puidera acceder ó interior da totalidade dos inmobles, por negativa dos seus ocupantes, a administración poderá suspender este prazo ata poder facer efectiva a inspección, previas os pronunciamentos ou execucións administrativos ou xudiciais.

- Autorizacións e licenzas

O contratista estará obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida, en especial, contará coas cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar á Administración polos danos e prexuízos que se lle causen por tal concepto.

Asemade o contratista comprométese, a través do proxecto de execución, ó cumprimento da normativa urbanística e sectorial que lle sexa de aplicación á obra, e que será verificada polo concello na preceptiva aprobación deste documento.

Tamén se compromete ó cumprimento en fase de execución de obras de todas as disposicións normativas que lle sexan de aplicación.

- Dirección, control das obras, e control de calidade

A dirección facultativa da obra será obxecto de contratación independente, ao igual que a coordinación de seguridade e saúde das medidas adoptadas durante as obras.

A entidade de control de calidade da edificación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno.

A entidade de control de calidade da edificación contratada pola administración verificará os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista. Este control é independente do control interno que realice o contratista. /

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra

fosen desfavorables e que os devanditos ensaios ou controis de calidade deban repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, o devandito custo será asumido polo contratista.

- **Obrigas laborais e sociais**

O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto deles.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

- **Producción e xestión de residuos**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

- **Risco e ventura do contratista**

O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

- **Responsabilidade. Danos**

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados tanto ó inmovible ou a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, incluídas tódalas consecuencias en caso de derrube. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

O contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras durante un prazo de 15 anos a contar dende a recepción.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

- **Deber de sixilo e confidencialidade**

O adxudicatario estará obrigado a gardar o sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste nos termos establecidos no artigo 112.2 do RXLCAP.

O contratista deberá respectar o carácter de confidencialidade da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, segundo o establecido no artigo 140 do TRLCSP.

- **Gastos de transporte e almacenaxe**

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convidado e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

- **Gastos pola realización de ensaios, análises de materiais e informes**

Serán de conta do contratista os gastos derivados da realización de ensaios, análises de materiais e unidades de obra ou de informes específicos sobre os mesmos.

- **Custodia e conservación**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido, asumindo os gastos que diso deriven.

- **Gastos de anuncios e tributos e varios**

Os gastos de publicidade da licitación do contrato serán a cargo do adxudicatario, sendo o seu importe o que corresponda segundo as tarifas do Boletín Oficial correspondente, establecéndose un prezo máximo de 1.500 euros.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que, no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante os devanditos organismos e pago das taxas correspondentes.

- **Cumprimento do prazo e penalidades por mora**

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, na contía prevista no artigo 212 do TRLCSP.

Conforme artigo 99 do RXLCAP, os importes destas penalidades faranse efectivos mediante a súa dedución nas certificacións de obras ou, de ser o caso, da garantía, e sen que a aplicación e pago das citadas penalidades exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo retraso do contratista.

A perda de garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización de danos ou prexuízos aos que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.

22. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A modificación do contrato rexerase polo disposto nos artigos 105 a 108 e 211 do TRLCSP.

23. RECEPCIÓN DO CONTRATO

A recepción e liquidación efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas nos artigos 222 e 235 do TRLCSP e 163 do RXLCAP.

24. DEVOLUCIÓN DE CANCELACIÓN DAS GARANTÍAS

Estarase ao disposto no artigo 102 do TRLCSP e no artigo 65 RXLCAP.

25. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano dende a recepción da obra, de conformidade co disposto no art. 235.3 do TRLCSP.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba da dirección facultativa, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos administración contratante, por conta do contratista.

26. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

A demora na execución dará lugar á imposición de penalidades e eventual resolución do contrato, segundo o disposto no TRLCSP, sen prexuízo da facultade da Administración de proceder á resolución do contrato e a eventual reclamación de indemnización de danos e prexuízos.

En materia de prestación defectuosa ou de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, imporanse penalidades en proporción á gravidade do incumprimento ata un máximo do 10% nos termos sinalados no artigo 212 do TRLCSP.

27. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 11.2.1.1 l) e 11.2.1.2 b) do presente prego.

28. XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestión litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato se resolverán pola Xunta do Goberno Local, como órgano de contratación. Os seus acordos poñerán fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso – administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora de dita xurisdición, previa a interposición no seu caso do recurso potestativo de reposición, e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

